

INSTRUCCIÓN RELATIVA Á SUBROGACIÓN DOS NOVOS DEPARTAMENTOS COMO UNIDADES ACADÉMICAS RESPONSABLES DE TÍTULOS PROPIOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

INTRODUCCIÓN

A fin de asegurar a continuidade na xestión académica e económica daqueles estudos propios de posgrao dos que fosen responsables algún dos departamentos extintos, considérase preciso establecer un criterio claro para a subrogación dos novos departamentos nesa condición de Unidades Académicas Responsables.

A eses efectos, dítase a seguinte

INSTRUCCIÓN

Cando, de conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento de Estudos Propios de Posgrao da UDC, as Unidades Académicas Responsables (UAR) fosen departamentos universitarios, pasarán a ser UAR dos títulos propios correspondentes, a efectos académicos e económicos, os departamentos aos que estean adscritos as directoras ou directores daqueles.

A Coruña, 23 de maio de 2017

A Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente

Asdo.: Nancy Vázquez Veiga